

Expediente núm.: 3163/2021

Resolución

Procedemento: CONCESIÓN DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NO ORZAMENTO XERAL DE 2021

Interesado: _____

Data de iniciación: _____

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA SUBVENCIONS NOMINATIVAS deportes 2021

VISTO o Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2021, onde figura o correspondente ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS QUE ACOMPAÑA AO ORZAMENTO PARA 2021, así como a consignación correspondente nas aplicacións orzamentarias, 341.48900 destinadas ao outorgamento de subvencións e axudas nominativas por parte deste Concello de Ribadeo.

VISTO á súa vez o disposto na seguinte normativa aplicable ao asunto en cuestión:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Bases de Execución do Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2021
- Ordenanza Xeral reguladora de Subvencións do Concello de Ribadeo

Tendo en conta estes antecedentes, de acordo coa competencia outorgada polo artigo 21.1.f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. – Aprobar a concesión das subvencións e axudas nominativas do exercicio 2021 recollidas nos Orzamentos Xerais a favor dos seguintes beneficiarios, coas finalidades e polos importes máximos que se recollen na táboa seguinte:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	OBJECTO E FINALIDADE
RIBADEO FC	G27133818	20.000,00.-	341.48900	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
S.D. RIBADEO	G27319284	8.000,00.-	341.48900	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
S.D RIBADEO TENIS	G27502558	800,00.-	341.48900	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
C.B. RIA DE RIBADEO	G27204023	4.500,00.-	341.48900	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
C.D. CUBELAS F.S	G27330398	2.000,00.-	341.48900	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
C. ATLETISMO RIBADEO	G27347657	2.700,00.-	341.48900	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
G.SENDERI.PENA TALLADA	G27261619	1.500,00.-	341.48900	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
C. PESCA CORMORAN	G27404342	1.000,00.-	341.48900	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
C. REMO RIBADEO	G27136704	1.8000,00.-	341.48900	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
C. PIRAGUISMO ALTRUAN	G27282946	1.500,00.-	341.48900	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos
C. HOCKEY ILLA PANCHÁ	G27472539	2.100,00.-	341.48900	"DEPORTES" – colaboración en materia de gastos deportivos e competitivos



SEGUNDO. – En aplicación do disposto no parágrafo 2º do apartado 1º do artigo 28 da Lei xeral de subvencións (LXS), que sinala os **CONVENIOS** como o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado ou das Corporacións locais, **aprobar o MODELO DE CONVENIO PARA 2021 E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA** que se engade como anexo a esta resolución.

Deste xeito, con cada unha das asociacións que se recollen na táboa anterior deberá asinar co concello un convenio específico para a anualidade 2021, **sen o que non se estimará cumpridos os requisitos necesarios para facer, no seu momento, efectivo o pagamento, no seu caso.**

Corresponderá en consecuencia ao Alcalde-Presidente da Corporación, en representación do Concello de Ribadeo, a competencia para a sinatura dos convenios a subscribir cos beneficiarios, nos que se recollerán os importes definitivos da axuda a cada asociación así como os dereitos e obrigas das partes, de acordo co disposto no citado artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

TERCEIRO.- Dar publicidade á concesión das presentes axudas no portal de transparencia municipal e base de datos nacional de subvencións, de acordo co sinalado no artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos beneficiarios das subvencións, instando a súa comparecencia no Concello de Ribadeo para a subscripción dos oportunos convenios, así como aos distintos departamentos municipais afectados, para que realicen os trámites precisos para que teña lugar esta sinatura.

Mándao e asínoa ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA, en Ribadeo, a data de sinatura en 2021; do que, como SECRETARIO, dou fe.

ALCALDE

Asdo.: FERNANDO SUÁREZ BARCIA

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

